



En xaneiro, abrigate con dúas capas e un sombreiro.

30-XANEIRO: DÍA
ESCOLAR DA NON
VIOLENCIA E A PAZ



CAMIÑO DE SANTIAGO
PROXECTO DE CENTRO
2022-23

Lecturamos

LECTURAMOS
O BLOGUE DA
BIBLIOTECA E EDL

MARE MAGNUM

Festival de Nadal



O mes pasado volvemos celebrar un festival no Salón de actos do centro despois de moito tempo. O COVID imposibilitara este tipo de celebracións. Por fin puidémonos reunir a finais de decembro e o resultado foi mellor do esperado (perderamos a práctica). Presentadores, cantantes, bailaríns, lectores e espectadores gozamos dun espectáculo completo e variado que nos entretivo preto de dúas horas.

Da man de Nerea, Hugo, Laura, Enar, Nagore e Martín viaxamos de forma virtual polas etapas do camiño francés mentres gozabamos de distintas actuacións de alumnos e profesores. Cancións en portugués, inglés e galego, panxoliñas, lecturas e presentación de proxectos alternábanse coa entrega de premios e agasallos e con sorteos entre os asistentes (sorteábamos

premios tan cobizados como rollos de papel hixiénico, culleres de plástico ou chisqueiros). Destacamos a participación e boa disposición dos asistentes, e deseñamos poder repetir a experiencia en breve.

*"Cuando la paz recobre su paloma y acudan los vecinos a mirarla .
Cuando el amor sacuda las cadenas y le nazcan dos alas en la espalda
Solo en aquella hora podrá el hombre decir que tiene patria"*
(Carlos Castro Saavedra)

Día escolar da non violencia e a paz

O 30 de xaneiro celébrase este día, dedicado a conmemorar nos centros educativos unha cultura de non violencia e paz.

Nese día celébrase o aniversario da morte de Mahatma Gandhi (India, 1869-1948), líder pacifista que defendeu e promoveu a non violencia e a resistencia pacífica fronte á inxustiza e que foi asasinado por defender estas ideas.



Himno da alegría

O alumnado de 3 ESO fixo unha nova versión da letra do himno na que o desexo de paz é o protagonista:

**Escoita amigo esta doce melodía
O canto alegre do que agarda un novo dia**

**Ven canta, soña cantado
Sigue cantando esta canción
Coa que os amigos
Nunca perdan a illusión**

**Se atopamos neste mundo a liberdade
Conseguiremos sair da escuridade**

**Ven canta, soña cantado
Sigue cantando esta canción
Coa que os amigos
Nunca perdan a paixón**

**Quere á xente e non pases inxustizas
Sembra a paz no lugar onde te dirixas**

**Ven canta, soña cantando
Canta esperando un futuro
No que os humanos
Estarán reconciliados**

**E se cantando acabamos coa violencia
Será bo para vivir con boa conciencia**

**Ven canta, soña cantando
Canta esperando un futuro
No que a amizade
É unha forte realidade**

**Neste contexto de penuria e sinrazón
Buscamos paz e sobre todo educación**

**Ven canta, soña cantando
Canta esperando un futuro
No que atopamos
Todos os seres humanos**

<https://anchor.fm/lecturameos/episodes/Himno-da-alegría-pola-día-da-paz-e1lusumh>




Contos no Camiño O sospeitoso encontro II

Chegados a este punto, nin Noa nin Martín sabían ben o que realmente sucedera coa desaparición de Sebastián. Tampouco valades pensar que falaron moito durante o camiño de volta. fan hospedarse nun hotel de ali, de Santiago de Compostela, non era un dos mellors mais non había queixa. Ao comezo non sabían moi ben do que falar, pero a medida que caminaban foron soltándose. Martín optou por pedir información con maior número de detalles. Segundo o vivido por Sebastián, tras sair dunha actuación na igrexa de San Bartolomé de Astorga, unha persoa que non pudo reconecer (posto que saiu corriendo e non lle deu tempo) lle roubara a bolsa onde levaba todas as súas pertenzas agás o laude, que agarraba coa outra man. Este suceso fora un visto e non visto, xa que non lle deu nin tempo a pisar a rúa, tan pronto como abriu a porta sentiu que alguén apresurado por marchar lle empurraba e que tiraban da sua bolsa. Grazas a Deus, Martín o atopara cinco días despois do sucedido e non tivera que permanecer na estrada durante moito tempo, xa que non posuía nin un teléfono para comunicarse, nin cartos para alugar unha vivenda ou simplemente para desplazarse. Ainda que podería ser peor, aqueles días pasaron moi despacio. Cando chegaron ao hotel, dispuxeronse en dúas habitacións: Noa e Martín nunha, e Sebastián noutra. O certo é que tras aqueles días xuntos, sentían que tiñan a suficiente confianza para convivir unidos e ademais, Noa quería sincerarse con el e el con Noa. Ambos emprenderan o camiño de Santiago había pouco... pero por que? Martín, fixera o camiño de Santiago por decisión propia, precisaba desconectar un pouco de todo o que estaba sucedendo. Na súa casa nunca había paz, todo era constantemente agotador e ainda por riba, desaparecería Sebastián, un gran amigo seu. A el encantábase camiñar, servíalle para relaxarse e para pensar con claridade, e fixoo de tal maneira, que logrou atopar ao desaparecido. Noa, pola súa banda, estaba ali por unha simple promesa. A el nunca lle gustara o deporte. Os médicos recomendáranlle comezar a practicalo por problemas relativos á súa saúde e ela levaba moito tempo tratando de realizarlo pero ata aqueles días non o conseguira. Ben era certo que durante aquela semana levaba indo a camiñar bastante tempo cada dia e fixera aquela promesa há dous anos, cando obtivo a pauta médica. Tiña que cumplila, e por iso estaba ali. Ainda así, ela sentíase soa porque ningún a acompañara e iso facía sentir desprazada. Ademais de comentarse todos estes motivos que os achegaban ao mesmo destino... ambos estaban de acordo nunha mesma cosa: Sebastián estaba estranxo. El era unha persoa moi aberta, simpática, faladora... mais non actuaba como sempre. Era algo sospeitoso en el. Había diferentes asuntos polos que Martín o notaba diferente. Primeiro, que non quiso comentaralles e explicaralles o motivo da súa desaparición. Despois, que se agochara cando viu aparecer a Martín. Por último, no coche puidera ver como derramaba bagos despois de tratar o asunto. Todo era moi curioso. Terían que indagar para poder explicar o sucedido.

Noemí Abeal

Acrósticos pola paz

O alumnado de Investigación de 2 ESO B fixo estes acrósticos co tema da paz. Ademáis investigaron sobre os principais símbolos da paz e sobre as terribles cifras que arroxa a guerra de Ucrania.



Torneo XOGADE de fútbol sala femenino

O xoves 19 de xaneiro tivo lugar o comezo do torneo feminino de fútbol sala organizado polo programa XOGADE. As nosas rapazas competían nos cursos de primeiro e segundo da ESO formando dous equipos con mestura de idades. As alumnas do IES Mugardos estiveron practicando e formando equipo durante as semanas previas aproveitando os recreos para xogar ao fútbol no pavillón. Nestes momentos foron coñecéndose e formando amizades. Chegou o día, a primeira sede foi no CPI Plurilingüe Virxe da Cela en Monfero. Unha vez no pavillón do instituto as nosas rapazas abriron o torneo xogando elas. A

momentos foron coneéndose e formando amizades. Chegou o día, a primeira sede foi no CPI Plurilingüe Virxe da Cela en Monfero. Unha vez no pavillón do instituto as nosas rapazas abriron o torneo xogando elas. A entrega, as ganas de xogar e as caras de felicidade deixaban clara a ilusión que tiñan por participar neste evento. Os resultados son o de menos xa que o obxectivo era fomentar o deporte feminino e forxar amizades entre elas, ainda así gañaronse varios partidos polo bo facer das alumnas.

Quedamos á espera do seguinte evento que enfrentará ás alumnas do IES Mugardos coas alumnas do IES As Mariñas de Betanzos e do IES Breamo de Pontedeume.



MARE MAGNUM

A guerra en cifras

MÁS DE 7.000 CIVILES UCRAINOS MORTOS

EXPLOSIÓN SUMARIA ATA DE NIÑOS, BUCHEI, 82
Kremenchuk con más de 100 muertos

USO DE ARTEFACTOS EXPLOSIVOS EN ZONAS NO MILITARES (bases residenciales, escuelas, hospitales y otras infraestructuras)

CRIMES DE GUERRA: en diciembre de 2022 a ONU registró 441 casos

VIOLÊNCIA SEXUAL E DE XÉNERO (Víctimas "do outro" 4 e (82 acusas)

MAIS DE 6 MILLÓNS DE REFUXIADOS

En novembro de 2022 Rússia realizou un ataque de 240.000 mortos

CATIUDAS

MÁS DE 11.000 CIVILES UCRAINOS PRISIOS

Arte no Camiño



Santa María de Eunate

Esta ermida atópase situada en campo aberto, a tan só dous quilómetros da localidade de Muruzábal e xunto ao lugar onde o Camiño de Santiago aragonés úñese ao francés. Trátase dun edificio de gran beleza e singularidade que destaca tanto pola súa planta centralizada e octogonal, de proporcions irregulares, como polo seu claustro exterior, que rodea os muros da ermida con 33 arcos de capiteis tallados. A construción e primeira historia de Santa María de Eunate está fortemente vinculada á Orde do Templo. Sen dúbida un dos tesouros do

templo. Será dulzura, un dos tesoros del románico en Navarra que merece a pena visitar.

Radio na biblio

Xa temos o equipo de radio na nosa biblioteca. Miguel Gil está poñendo todo a punto para empezar a emitir, e pronto poderemos participar nesta aventura que ofrece moitas posibilidades como programas informativos, musicais, entrevistas, reportaxes, lecturas...



Clasificacións a 11 de xaneiro

1º RETO

PROBLEMAS DE MATEMÁTICAS
100.000€

EQUIPO SOBRENTA E NOS DOCENTES
Celia Gómez
Beatriz Gómez
Carmen Gómez
Paloma Gómez
Lourdes Gómez
Ana Fernández
Raquel Gómez
Paco Gómez

PATROCINADORES
RTEV 11 febreiro
Juan Manuel Pita
Gala Cordero
Marta Chao

Cafetería

CAMBIO DE PREZOS

BOCADILLOS

	Pequeno	Grande
1. Tortilla	0,75 €	1,20 €
2. Embutido	0,80 €	1,20 €
3. Jamón	0,85 €	1,20 €
4. Bacon	0,85 €	1,20 €
5. Nocilla	0,90 €	1,20 €
6. Pato	0,80 €	1,20 €

A causa da variada
versatilidade de
prezos, variando
segundas e subidas
não temán

Mural de Rosalía

Presenta as túas propostas para o mural de Rosalía e colabora na súa elaboración.

Entrega a proposta en conserxería ata o 13 de febreiro. Comezamos a pintar a semana do 23 de febreiro en horario de clase.

Participan Carolina, Marta, Lorena, Elsa, Noelia e Pablo (I Bach). Podes unirte a eles.

PERÍDAS

1. Coca Cola	1,10 €
2. Café en vaso	1,10 €
3. Café para levar	1,10 €
4. Café en pacote	1,10 €
5. Zumos	1,10 €
6. Coca Cola frío	1,10 €
7. Infusiones	1,10 €

OUTROS

1. Palomitas	0,80 €
2. Kinded	1,20 €

Concursos

Participa no **Concurso para promocionar o uso do galego** coa creación dun debuxo ou fotografía cun lema que promocione o emprego do galego. Ademais do premio o gañador/a verá exposto o seu traballo na cafetería do centro. Animate e参与!

CONCURSO

PRESENTA UNHA IMAXE (DEBUXO OU FOTOGRAFÍA) CUN LEMA PARA PROMOCIONAR A LINGUA GALEGA

PAIX UN DEBUXO OU UNHA FOTOGRAFÍA E INVENTA UN SLOGAN ORIXINALMENTE O TEU TRABALLO AI CONCURSOS@EDL.GAL

CONCURSO DE POEMAS MUSICADOS

Que mellor xeito de lembrar a Rosalía, no seu día, que recitar os seus poemas? Ponles música e参与!

CONCURSO DE POEMAS MUSICADOS

CONCURSO DE POEMAS MUSICADOS

Escolle un poema de ROSALÍA

Redite o poema e ponlle música e efectos de son. Podes facer un audio ou un vídeo. Participa!

Envia o arquivo a concursos@edl.gal

ENTROIDO

Tamén terá premio o grupo que presente a mellor actuación e o mellor disfraz.